

## **ORDENANZA FISCAL NÚM. 36**

### **TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL.**

#### **Artigo 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO.**

No uso das facultades concedidas polos **arts. 133.2 e 142** da **Constitución**, así como a regulación contida no **art. 106** da **Lei 7/85, do 2 de abril**, reguladora das **bases do réxime local** e de conformidade co que se dispón nos **arts. 15 ao 19** en relación cos **arts. 20 e seguintes** do **Real decreto lexislativo 2/2004**, polo que se aproba o **texto refundido da Lei reguladora de facendas locais**, establécese a taxa por prestación de servizos do conservatorio municipal.

#### **Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servizos de ensino do conservatorio municipal.

O ensino aos integrantes da Banda de Música de Vilalba, do instrumento que tocan nela así como a materia de *“linguaxe musical”*, non constitúe un suposto de suxeición da presente taxa ao non apreciarse un beneficio particular que debe presidir en todo feito imponible gravado cunha taxa.

#### **Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o **art. 33 da Lei xeral tributaria** que resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que se detallan nesta taxa.

#### **Artigo 4. RESPONSABLES.**

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os **artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria**.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das quebras, concursos, sociedades en xeral, nos supostos e co alcance do **art. 40 da Lei xeral tributaria**.

#### **Artigo 5. DURACIÓN DO SERVIZO.**

A prestación do servizo abarcará desde o mes de outubro a setembro.

#### **Artigo 6. TIPOLOXÍA DO ALUMNADO.**

**A. Alumnos presenciais:** Serán aqueles alumnos que unha vez obteñan praza continúen os seus estudos no conservatorio. Debemos distinguir aqueles alumnos empadroados dentro do municipio de Vilalba e aqueles que teñen a súa residencia oficial fóra do municipio.

**B. Alumnos exteriores:** Serán aqueles alumnos matriculados en escolas de música ou academias de música independentes do conservatorio, e que usen os servizos académicos deste para oficializar os estudos.

#### **Artigo 7. PRAZOS DE MATRICULA.**

- A) Do 15 ao 30 de xuño matrícula alumnos presenciais.
- B) Do 15 ao 30 de setembro matrícula alumnos novo acceso.
- C) Do 15 de xuño ao 30 de setembro matrícula alumnos exteriores.
- D) Do 15 ao 31 de maio matrícula acceso a grao medio.
- E) Do 1 ao 28 de febreiro ampliación de matrícula.

#### **Artigo 8. INGRESO NOVOS ALUMNOS.**

O ingreso de novos alumnos realizarase segundo o estipulado na normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia (**orde do 14/4/2005**).

#### **Artigo 9. PRAZOS E FORMA DE PAGO DAS TAXAS.**

- 1º O pago de matrículas poderase realizar das seguintes modalidades:
- a) Pago na súa totalidade, realizarase no mes de xuño ou setembro.
  - b) Pago fraccionado, realizarase un primeiro pago durante o mes de xuño ou setembro do 50% e un segundo pago do 50% restante no mes de xaneiro.
- 2º O pago das cotas poderase realizar das seguintes modalidades:
- c) Pago na súa totalidade, realizarase no mes de xuño ou setembro.
  - d) Pago fraccionado, realizarase un primeiro pago durante o mes de xuño ou setembro do 50% e un segundo pago do 50% restante no mes de xaneiro.
  - e) Pago en 9 mensualidades comezando no mes de outubro ata o mes de xuño, ambos incluídos, entre os días 1 ao 5 de cada mes.
- 3º Os alumnos presenciais poderán realizar unha reserva de praza pagando un importe de 30€ no mes de xuño, tendo que formalizar a súa matrícula no mes de setembro se desexa continuar estudos no conservatorio, perdendo o dereito ao dito importe en caso de non se matricular.

#### **Artigo 10. COTA TRIBUTARIA.**

1. Taxas cursos completos alumnos presenciais de Vilalba:

CURSO	TAXAS	MENSUALIDADES
G.E. (1º-2º-3º-4º)	180,00 €	24,00 €
G.P. (1º-2º)	320,00 €	32,00 €
G.P. (3º-4º)	450,00 €	40,00 €
G.P. (5º-6º)	540,00 €	48,00 €

As mensualidades aplicaranse por especialidade instrumental, un alumno con máis especialidades cobraráselle en relación ao número de especialidades instrumentais nas que estea matriculado.

Non obstante, para o curso 2020-2021 non estarán suxeitas á taxa por matriculación as primeiras matrículas no primeiro curso do Grado Elemental.

Para o curso 2020-2021 as tarifas serán:

CURSO	TAXAS	MENSUALIDADES
G.E. (1º curso, primeira matriculación)	0,00	24,00€
G.E. (1º curso, segundas e seguintes matrículas)	108,00 €	24,00 €
G.E. (2º, 3º, 4º)	108,00€	24,00€
G.P. (1º-2º)	192,00 €	32,00 €
G.P. (3º-4º)	270,00 €	40,00 €
G.P. (5º-6º)	324,00 €	48,00 €

2. Taxas cursos completos alumnos presenciais non empadroados en Vilalba (30% de incremento).

CURSO	TAXAS	MENSUALIDADES
G.E. (1º-2º-3º-4º)	234,00 €	31,20 €
G.P. (1º-2º)	416,00 €	41,16 €
G.P. (3º-4º)	585,00 €	52,00 €
G.P. (5º-6º)	702,00 €	62,40 €

3. Taxas alumnos exteriores.

Os alumnos **exteriores** matricularanse na modalidade de **matricula exterior**. **Unicamente satisfarán o importe** da cota mensual aqueles meses en que asistan de maneira presencial ás clases do conservatorio. Ditas cotas coincidirán coas cotas mensuais dos alumnos presenciais non empadroados en Vilalba.

CURSO	TAXAS	MENSUALIDADES
G. E. (1º-2º-3º-4º)	163, 80 €	31,20 €
G.P. (1º-2º)	291,20 €	41,16 €
G.P. (3º-4º)	409,50 €	52,00 €
G.P. (5º-6º)	491,40 €	62,40 €

4. Materias soltas alumnos de Vilalba (para aqueles con 2º instrumento e materias convalidadas e para os que teñen materias pendentes doutros cursos).

G.E. 100,00 € por materia  
G.P. 125,00 € por materia

5. Materias soltas alumnos non empadroados en Vilalba(30% de incremento; para aqueles con 2º instrumento e materias convalidadas e para os que teñen materias pendentes doutros cursos).

G.E. 130,00 € por materia  
G.P. 169,00 € por materia

6. Probas de acceso a alumnos de Vilalba

Acceso a 1º de G.E. GRATUÍTA.  
Acceso a 1º de G.P. 100,00 €  
Acceso a 2º-3º-4º G.E. 100,00 €  
Acceso a 2º-3º-4º-5º-6º- G.P. 125,00 €

7. Probas de acceso a alumnos non empadroados en Vilalba (30% de incremento).

Acceso a 1º de G.E.	GRATUÍTA.
Acceso a 1º de G.P.	130,00 €
Acceso a 2º-3º-4º G.E.	130,00 €
Acceso a 2º-3º-4º-5º-6º- G.P.	169,00 €

8. Alumnos de música e movemento.

- Alumnos de Vilalba:

Cota	60,00 €
Mensualidade	12,00 €

- Alumnos non empadroados en Vilalba (30% de incremento):

Cota	78,00 €
Mensualidade	15,60 €

9. Certificacións académicas, traslados de expedientes, certificacións de fin de G.E.

Cota	10,00 €
------	---------

### **Artigo 11. BONIFICACIÓNS FAMILIAS NUMEROSAS.**

a) Bonificación do 30% da matrícula total, para as familias con 1 alumno.

b) Bonificación do 60% da matrícula total, para as familias con 2 alumnos.

c) Bonificación do 90% da matrícula total, para as familias con 3 ou máis alumnos.

### **Artigo 12. DEVENGO.**

A taxa devéngase cando se confirme a admisión na actividade solicitada dentro do prazo establecido para tal efecto.

### **Artigo 13. BAIXAS DURANTE O CURSO.**

**Baixa Voluntaria:** En caso de baixa voluntaria o interesado deberá comunicarllo ao centro entre os días 1-5 de cada mes. En caso de baixa será efectiva no mes seguinte de cada mes.

**Baixa por falta de pago:** En caso de devolución dos recibos de pago notificaráselle ao interesado, dándolle un prazo de 15 días a partir da data de notificación para facer efectivo o ingreso correspondente. En caso contrario, o alumno causará baixa no centro.

Aqueles alumnos que teñan algunha débeda pendente co conservatorio municipal non se poderán beneficiar de ningún dos seus servizos mentres non procedan ao pago dela.

**Baixa xustificada:** No caso de que ao alumno lle fose imposible asistir ao centro debido a causas alleas á súa vontade, comunicarllo de forma motivada por escrito aos servizos municipais do conservatorio. O director do centro emitirá un informe sobre a solicitude a cal será aprobada ou denegada pola Xunta de Goberno Local.

#### **Artigo 14. DEVOLUCIÓNS.**

Tanto en caso de baixa voluntaria como de baixa por falta de pago non se devolverá o importe da matrícula. Unicamente deixarán de devengar a cota mensual a partir da efectividade da baixa.

No caso de aprobarse pola Xunta de Goberno Local unha baixa xustificada, poderase adoptar no mesmo acordo a devolución proporcional da matrícula segundo a proposta do director do centro.

#### **Artigo 15. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

En todo o relativo a infraccións tributarias e á súa cualificación, así como ás sancións que a estas correspondan, aplicarase o réxime regulado na **Lei xeral tributaria** e nas disposicións que a complementan e a desenvolvan.

#### **DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS**

A presente ordenanza fiscal, que se modificou polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o día **17/06/2020**, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir dese mesmo día, ata a súa modificación ou derogación expresas.